



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

De acordo coa *RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.* (DOG do 18 de setembro de 2024), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE FAMILIAS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **4 pais/nais**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar, o outro representante será proposto, de ser o caso, pola Anpa.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, representantes ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día 28 de outubro está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 8 de novembro.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, representantes ou titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitarán a Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do citado día 8 de novembro.
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 11 de novembro, ás 14:00 horas. Dita mesa



electoral estará composta pola Directora do

Centro, que exercerá a presidencia, e catro pais/nais ou representates/titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

5. A campaña electoral comprenderá dende o 11 ao 14 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 15 de novembro, día lectivo anterior ao das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou representantes/titores legais de alumnos/as matriculados/as no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
7. As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 18 de novembro, de 16:30 a 19:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 16:15 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **3 nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Escarabote, 28 de outubro de 2024

A DIRECTORA DO CENTRO E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Eva Fernández Parada

